

# GRAO EN FILOSOFÍA

GUÍA DOCENTE | 2019-20

# TRABALLO FIN DE GRAO

## 1. INFORMACIÓN BÁSICA

### Descrición

Código da materia: G5031426  
Traballo Fin de Grao (TFG)  
7,5 créditos ECTS  
Tipo: Traballo Fin de Grao RD 1393/2007  
Departamentos: Filosofía e Antropoloxía  
Áreas: Filosofía, Antropoloxía Social, Lóxica e Filosofía da Ciencia, Filosofía Moral  
Centro: Facultade de Filosofía  
Convocatoria: Traballos Fin de Grao  
Docencia e Matrícula: Cuarto Curso

### Prerrequisitos

O TFG só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, agás os correspondentes ao propio traballo.

### Titorización

O TFG deberá estar titorizado por un/unha profesor/a (PDI) das áreas de coñecemento que teñan adscrito o TFG e con docencia no Grao. En determinados casos, e con autorización expresa da Comisión de Calidade e Grao\* (CC), o/a titor/a poderá estar asistido/a por un/unha co-titor/a e excepcionalmente por dous/dúas.  
Son funcións do/da titor/a: establecer a programación das tarefas e orientar o/a alumno/a na súa realización, velando polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento antes da defensa do TFG.

### Tempo de estudo e traballo persoal

O tempo total de estudo e traballo persoal para a realización dun TFG é de 187,5 horas.

## 2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN

O TFG constitúe por si só un bloque formativo, cursado unha vez que o resto dos bloques foron superados.

---

\* Na Facultade de Filosofía as funcións da comisión encargada de atender as cuestións propias do desenvolvemento do TFG son asumidas pola Comisión de Calidade e Grao, como se indica no apdo. 6.

### 3. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DA MATERIA

O TFG consistirá na elaboración, por parte do alumnado, de forma individual, dun traballo orixinal cunha carga lectiva de 7,5 ECTS no que se acrediten os coñecementos, competencias e destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación de Grao en Filosofía. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación e defensa pública ante un tribunal.

#### Competencias xerais

- CX1-Que os/as graduados/as posúan e comprendan os coñecementos propios da filosofía como saber, incluíndo as súas doutrinas, teorías, métodos e aplicacións, ao nivel proporcionado polos textos académicos, con referencia a achegas investigadoras recentes.
- CX2-Que saiban aplicar eses coñecementos para identificar, formular e resolver problemas no ámbito da filosofía, a un nivel xeral e non especializado.
- CX3-Que sexan capaces de transmitir eses coñecementos, as ideas, cuestións e solucións propostas e ofrecidas pola filosofía, tanto a un público xeral como interesado e/ou entendido en temáticas filosóficas.
- CX4-Que estean capacitados para continuar a súa formación, en filosofía e/ou noutros campos do saber, cun elevado grao de autonomía.

#### Competencias básicas

- CB1-Que os/as estudantes teñan demostrado posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
- CB2-Que os/as estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- CB3-Que os/as estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- CB4-Que os/as estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
- CB5-Que os/as estudantes teñan desenvolvido aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

#### Competencias transversais

- CT1-Instrumentais: capacidade de comprensión e interpretación de discursos complexos (escritos e orais), análise e síntese, traballo conceptual. Capacidade para a exposición e comunicación oral e escrita. Capacidade de xestión da información. Resolución de problemas. Toma de decisións.
- CT2-Persoais: curiosidade e actividade intelectuais non restrinxidas á filosofía. Capacidade para desenvolverse en contextos culturais e sociais diversos. Boa

disposición para as relacións interpersoais, o diálogo intelectual e o traballo cooperativo. Razoamento crítico e compromiso democrático.

CT3-Sistémicas: capacidade para a aprendizaxe autónoma. Receptividade e capacidade de resposta ante novas situacións. Creatividade. Coñecemento doutras culturas e costumes. Iniciativa e espírito emprendedor. Motivación pola calidade. Especial sensibilidade cara a problemas de igualdade medioambientais.

### **Competencias específicas**

CE1-Coñecer as disciplinas, as teorías, os métodos, as aplicacións e as correntes propias da Filosofía, seguindo a súa historia e nas súas formulacións contemporáneas. Estes coñecementos indícanse nas fichas das materias.

CE3-Saber ampliar e poder desenvolver ulteriormente eses coñecementos por medio da investigación.

CE6-Saber expresarse, comunicar, debater e dialogar.

CE7-Capacidade para organizar a información, tomar decisións, plantexar e resolver problemas.

CE10-Capacidade de reacción e espírito construtivo: proactividade, inventiva, creatividade, laboriosidade e adaptabilidade en contextos cambiantes, problemáticos e/ou adversos.

## **4. CONTIDOS**

O TFG debe ser un traballo orixinal e versar sobre un tema relacionado co Grao.

O tema concreto do TFG debe adecuarse á oferta de liñas temáticas ofertadas no centro no curso académico da súa realización. A cada alumno adxudícaselle, previa solicitude, unha liña temática e máis un/ha titor/a. Posteriormente, o/a alumno/a e o/a titor/a delimitarán o título do TFG, que debe ser aprobado pola CC.

## **5.-MATRÍCULA**

A matrícula do TFG realizarase dentro do prazo xeral de matrícula que estableza a Universidade.

Para poder formalizar a matrícula do TFG o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG e, en calquera caso, deberá reunir os requisitos que estableza a USC.

A matrícula dá dereito a dúas oportunidades por curso académico, habendo tres opcións para escoller: febreiro, xullo ou setembro. É importante ter en conta que a oportunidade de febreiro unicamente poderá ser empregada por aquel alumnado que teña superado, ao remate do primeiro semestre, a totalidade dos créditos necesarios para obter o Grado, excepto os correspondentes ao TFG.

## **6. PROCEDEMENTO DE ASIGNACIÓN E INSCRICIÓN**

A Comisión de Calidade e Grao (CC) é a encargada de atender ás cuestións propias do desenvolvemento da materia TFG.

### **Oferta, selección e asignación de liña temática e titor/a**

O Departamento de Filosofía e Antropoloxía, consultado o profesorado e tendo en conta a súa capacidade docente, elaborará unha proposta inicial de liñas temáticas e titores/as. Posteriormente a CC, dentro do prazo establecido no calendario, deberá aprobar a proposta definitiva que se publicará no taboleiro do Decanato e/ou na páxina web da Facultade.

No prazo fixado no calendario, o alumnado presentará no Decanato da Facultade a solicitude de asignación de liña temática, para o que deberá utilizar o modelo de formulario publicado na web do Centro. Neste documento debe indicar por orde de preferencia un mínimo de doce liñas temáticas e o/a titor/a que lle corresponda a cada unha.

A asignación farase por orde da nota media simple dos expedientes académicos. No caso de empate aplicarase o disposto na Normativa da USC sobre valoración de expedientes académicos.

### **Selección de tema concreto e título do TFG**

Unha vez que a CC asigne as liñas temáticas de xeito definitivo, o alumnado debe contactar co/a seu/súa titor/a a fin de delimitar o tema concreto e o título do TFG. Logo disto, dentro do prazo establecido no calendario, a/o alumna/o entregará na Secretaría do Decanato o formulario de inscrición e inicio do TFG, segundo o modelo publicado na web da Facultade.

A CC aprobará os títulos dos TFG e publicaraos, como data límite, quince días despois de que remate o prazo de recepción. O alumnado cuxos títulos foran rexeitados pola CC disporá de quince días naturais a partir da data de publicación da aprobación dos títulos para presentar unha nova proposta.

### **Prórroga**

Aqueles/as estudantes repetidores/as que non tivesen solicitado a defensa do seu TFG ou non tivesen superado a materia en ningún dos prazos previstos do último curso académico, poderán solicitar prórroga para a continuación do seu proxecto, mediante escrito razoado dirixido á CC, e co visto e prace do titor/a do TFG. Salvo causas excepcionais, e en todo caso debidamente xustificadas, a CC concederá ao alumnado unha única prórroga.

Aqueles/as alumnos/as que non superen o seu TFG en ningunha das convocatorias do curso para o cal lle foi concedida a prórroga deberán, para o seguinte, presentar unha nova solicitude de asignación de liña temática e titor/a.

De existir causas excepcionais que puideran derivar na concesión de máis dunha prórroga, o/a

alumno/a terá que acreditar documentalmente tales circunstancias no momento de entregar no Decanato o formulario de solicitude de prórroga, e deberá presentar ademais un formulario de solicitude de asignación de liña temática nova, debidamente cuberto, que só será tido en conta no caso de que a prórroga non fose concedida.

Este trámite deberá realizarse seguindo os prazos e o modelo de formulario publicados na web da Facultade.

Transcorrido o prazo sen a realización da solicitude de prórroga, o/a estudante decaerá nos seus dereitos respecto do proxecto de TFG asignado, declarándose este caducado.

### **Cambio do título do TFG**

O/A alumno/a poderá solicitar á CC, dentro do prazo establecido no calendario, a modificación do título xa aprobado mediante o correspondente formulario que atopará na web da Facultade.

A CC decidirá sobre a solicitudes de cambios de título e comunicarao aos/ás interesados/as cando menos dous días antes da data de inicio do prazo de solicitude de defensa dos TFGs.

### **Responsabilidades do alumnado e dos titores/as**

É responsabilidade do alumnado:

- Asistir ás sesións de traballo concertadas co/coa titor/a.
- Desenvolver o TFG conforme á planificación acordada co/coa titor/a e, de non ser así, xustificar as desviacións.
- Atender as indicacións do/a titor/a.
- Tomar a iniciativa na resolución de problemas.
- Cumprir cos prazos, requisitos formais e de presentación establecidos na normativa e nesta guía docente.

É responsabilidade do titor/a:

- Reunirse co alumnado nas ocasións acordadas.
- aconsellar ao alumnado sobre as cuestións relativas á realización do TFG.
- Advertir ao/á estudante cando o progreso do TFG estea por debaixo do estándar esperado e aconsellarlle sobre o modo de resolver o problema.
- Emitir o informe preceptivo segundo o prazo establecido no calendario publicado na web da Facultade.

## **7. PRESENTACIÓN E DEFENSA**

### **Requisitos de formato e contido do TFG**

O TFG terá unha extensión de entre 8000 e 12000 palabras (incluídos títulos nas distintas linguas, autor/a, titor/a, resumos e palabras chave nas distintas linguas, contido do TFG e bibliografía. De ter anexos, estes non computan para o número de palabras do TFG.)

A presentación do TFG deberá acomodarse á seguinte estrutura:

- Portada na que figuren: o logo da USC coa indicación da Facultade; denominación do Grao, título do traballo, nome completo de autor/a, nome completo do/a titor/a, e curso académico.
- Portada interior co título na lingua usada e en inglés.
- Compromiso de cumprimento da Lei de Propiedade Intelectual e Lei de Protección de Datos.
- Índice paxinado dos capítulos e apartados.
- Resumo (unhas 200 palabras) na lingua usada e en inglés.
- Palabras chave na lingua usada e en inglés .
- Introducción.
- Obxectivos do traballo.
- Desenvolvemento dos contidos.
- Conclusións (incluíndo os logros acadados e posibles traballos futuros).
- Bibliografía consultada e referencias documentais completas. Para a elaboración de citas e referencias bibliográficas, o/a alumno/a deberá seguir dunha maneira coherente calquera dos usos establecidos no ámbito académico (normas APA, Chicago, Harvard). O/a alumno/a pode seguir tamén o modelo establecido pola revista Ágora para a elaboración do manuscrito e, especificamente, do apartado bibliográfico
- Anexos se procede (que non computarán para a extensión máxima prevista).

### **Solicitud de defensa**

No momento en que o/a alumno/a cumpra cos requisitos de estar matriculado no TFG e de ter superados todos os créditos necesarios para poder defendelo, tras consultalo co seu titor ou a súa titora, poderá presentar a solicitude de defensa do TFG. Os prazos fixados a tal fin pola CC para as convocatorias de febreiro, xullo e setembro serán os recollidos no calendario publicado na web da Facultade.

En relación con este trámite é importante que o alumno teña en conta as seguintes consideracións:

1. A solicitude de defensa necesariamente debe facela o/a alumno/a a través da súa secretaría virtual e nos prazos establecidos para o efecto.
2. No momento de facer a solicitude de defensa na secretaría virtual, o alumnado debe anexar á mesma unha copia do seu TFG en pdf.
3. Dentro do prazo establecido para a solicitude de defensa o alumnado deberá presentar no Decanato da Facultade de Filosofía tres copias en papel impresas do seu TFG que serán distribuídas entre os membros do seu tribunal avaliador.

### **Informe do titor e comprobación do requisito de orixinalidade**

Finalizado o prazo de solicitude de defensa, e segundo o establecido no calendario xeral de TFG aprobado, o/a titor/a deberá subir a súa secretaría virtual o seu informe (favorable ou desfavorable) sobre o TFG do/a alumno/a.

O/A titor/a deberá someter o traballo a un control de plaxio debendo incorporar o resultado do mesmo ao seu informe. De detectarse plaxio o/a titor/a deberá comunicalo inmediatamente ao Decanato da Facultade, para que proceda a emitir a resolución que corresponda e, de selo caso, informar á Secretaría Xeral da USC para que adoite as medidas disciplinarias oportunas.

## **Defensa pública do TFG**

A defensa de cada TFG realizarase en sesión pública diante dun tribunal formado por tres docentes da USC que impartan docencia no Grao, excluídos aqueles que teñan realizado as tarefas de titorización.

Con antelación suficiente ao inicio do período de solicitude de defensa, a CC fará público na web da Facultade o número e composición dos tribunais. Do mesmo xeito ao remate do período de solicitude de defensa, a CC publicará a asignación de TFG a tribunais así como as datas nas que os/as alumnos/as deberán defender os seus TFG.

Entre o remate do prazo de solicitude de defensa e o acto de defensa pública debe mediar, polo menos, sete días naturais.

A defensa do traballo será realizada polo/a alumno/a en sesión pública na data asignada pola CC.

A exposición do TFG terá unha duración recomendada de 20 minutos e máxima de 25. Ao remate da presentación, o tribunal poderá formular as preguntas e cuestións que considere convenientes.

A defensa do TFG será realizada pola/o estudante de xeito presencial. Non obstante o anterior, para casos excepcionais debidamente autorizados pola CC, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

## **8. AVALIACIÓN**

### **Dimensións da avaliación**

O tribunal deliberará sobre a cualificación que lle corresponda conforme aos criterios de avaliación recollidos máis abaixo. O sistema de cualificacións será, como no resto das materias da titulación, conforme á seguinte escala numérica, de cero (0) a dez (10), con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non Presentado
- 0 - 4,9: Suspenso
- 5,0 - 6,9: Aprobado
- 7,0 - 8,9: Notable
- 9,0 - 10: Sobresaliente

Os membros do tribunal de avaliación realizarán un informe no que se terán en conta os seguintes aspectos:



1. Calidade do TFG: cumprimento dos obxectivos propostos, adecuación e desenvolvemento das tarefas formuladas, metodoloxía, dificultade e conclusións.
2. Presentación escrita do TFG: presentación xeral, claridade expositiva, estruturación e corrección gramatical e ortográfica.
3. Presentación oral e defensa: concisión, claridade expositiva, capacidade de debate, defensa argumental, propiedade e corrección no uso da lingua.
4. O tribunal contará, no momento da valoración, co informe sobre o traballo elaborado polo/a titor/a do mesmo, o cal será tido en consideración no momento de cualificar o TFG.

A cualificación final outorgada ao TFG por cada membro do tribunal obtérase de acordo coa seguinte ponderación:

I. Traballo escrito, **75%**:

- Desenvolvemento do tema e estrutura, aportacións orixinais, método, manexo das fontes e bibliografía, 60%.
- Presentación formal e corrección lingüística, 15%.

II. Presentación oral, **25%**:

- Exposición, 10%.
- Defensa, 15%.

A cualificación final resultará de aplicar a media aritmética entre as cualificacións atribuídas ao TFG por cada un dos membros do tribunal e farase pública a listaxe provisional de cualificacións no Taboleiro do Decanato da Facultade nun prazo non superior a sete días lectivos dende a súa defensa.

No caso de que se dea unha das seguintes circunstancias, o TFG será cualificado como suspenso:

- Cando os seus contidos non se adecúen aos da liña temática escollida e/ou ao título aprobado.
- Cando coincida cun traballo realizado polo alumno noutras materias ou actividades da titulación, ou cando non sexa orixinal.
- Cando feita a solicitude de defensa o/a alumno/a non chegue a facer a defensa pública do TFG na data prevista, sen que exista xustificación escrita presentada polo/a interesado/a ante o/a Secretaría do Decanato da Facultade e aceptada pola CC.

A mención de Matrícula de Honra (MH) poderá outorgarse a aqueles TFGs que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos. O seu número non poderá exceder o límite establecido pola USC. Se o número de alumnos/as é inferior a 20, poderase conceder unha MH. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico. De constituírse un tribunal único para todas as convocatorias, será este o que outorgue as matrículas de honra que correspondan, noutro caso, a atribución desta cualificación corresponderalle á CC, oídas as propostas dos diferentes tribunais.

Este sistema de avaliación será válido para as tres convocatorias de cada curso.

### **Avaliación de competencias**

Traballo escrito: CX1, CX2, CX3, CB1, CB3, CB4, CB5, CT1, CT2, CT3, CE1, CE3, CE7

Presentación oral: CX3, CX4, CB1, CB2, CB4, CT1, CT2, CE6, CE10

### **Revisión**

O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. O mes de agosto non computará neste prazo.

A revisión será persoal e o alumnado poderá realizala ante un ou varios membros do tribunal. En todo caso, deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa a avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

## **9. CALENDARIO**

A principios de curso na páxina web da Facultade de Filosofía publicarase un calendario xeral onde se recolleran os prazos para a realización de trámites relacionados cos TFG.

Ademais do calendario xeral, unha vez rematados os prazos de solicitude de defensa de TFG para cada oportunidade (febreiro, xuño e setembro) publicaranse na web os calendarios de defensa de TFG específicos para cada oportunidade.